

PROFE, MIRA O QUE FIXEN!



JOSÉ CARLOS ROMÁN



DAVID LORENZO

PROFE,
MIRA O QUE FIXEN!



JOSÉ CARLOS ROMÁN | DAVID LORENZO

Dedicado a todas as nenas e nenos, familias e docentes
que, con tanto esforzo, lograron que este virus non
nos impida seguir a aprender desde a casa.



AGRADECIMENTOS:

Iolanda Mato
Josep María Teixell
Emily Johnson Stammers
Alberto Rodríguez

TRIQUETA VERDE

Travesía de Vigo, 80 10° B
36206 Vigo (Pontevedra)
www.triquetaverde.com
clientes@triquetaverde.com
Tradutora: Iolanda Mato
© do texto: José Carlos Román
© ilustracións: David Lorenzo
© desta edición: Triqueta Verde, S.L.U.
Coordinador: Víctor J. Mascato

1.ª Edición: 2020
ISBN: 978-84-938252-7-0
Reservados todos os dereitos.

Seguenos en:  @triquetaverde  @triquetaverde



Hai que amolarse! Agora que por fin nos deixan saír da casa, resulta que non podemos volver ao colexio, así que non vou poder estar aínda cos meus compañeiros nin cos profes.

Aínda ben que os poderei ver de cando en vez, aínda que sexa desde o meu cuarto.

Profe, quero seguir a aprender!



Así que durante estas semanas, grazas á axuda dos mestres e das nosas familias, seguiremos a realizar na casa moitas actividades para continuarmos a aprender e a pasalo en grande en ao mesmo tempo.





Por exemplo, podemos crear un xornal familiar. Para iso, cada mañá dedicámoslle un pouco de tempo, mentres almorzamos, a lembrar as anécdotas máis interesantes que nos aconteceron o día anterior a todos os membros da familia. Despois, teremos que decidir cales son as máis importantes e redactar as noticias.

Cando teñamos o noso diario acabado, mandarémolleslo aos nosos avós, tíos, curmáns ou amigos do colexio para que estean informados das cousas especiais que nos ocorren cada día.



Aproveita estes días para coñecer un pouco máis os veciños que ves cada tarde nos balcóns. Déixalles unha nota na súa caixa do correo para lles preguntar, por exemplo, como se chaman, se teñen mascotas, que comidas lles gustan máis, os seus filmes ou libros favoritos... Seguro que alguén te sorprende e che envía as súas respostas!



Como estas semanas estaredes a cociñar moito en familia, podedes aproveitar e facer galletas con formas de letras ou números. Seguro que despois formaredes palabras e mensaxes moi doces e saborosos!





Converte a túa casa nun museo! Escolle os debuxos e outras obras de arte que realizases durante as últimas semanas e prepara unha exposición, por exemplo, no corredor ou na sala da túa casa.

Unha vez que coloques as obras todas cos seus correspondentes títulos, realiza os convites, coa data e hora da inauguración, para convidar a túa familia a este fantástico museo.



Necesitas un pouco de tranquilidade? Pois, nese caso, busca un lugar apropiado na casa onde montar unha cabana na que poidas ter ese momento de calma que todo o mundo precisa. Utiliza teas, coxíns, sabas ou mantas, por exemplo.



Como che gustaría que fose a túa cama? Pensa no que che gusta dela e as cousas que cambiarías.



Podes coller un bote de cristal e meter as cousas que tería a túa cama ideal. Por exemplo: se che gusta que sexa suave, podes botar algodón, se queres que voe, podes meter unha pluma, ou se desexas que brille, pódésle meter purpurina.



Tamén podes meter unha foto do lugar onde che gustaría que estivese a túa cama!



Se por casualidade colliches algo de medo a saír da casa... non te preocupes, é normal! Quizais sería boa idea inventar coa túa familia unha receita ou un conxuro para vencelo.



Receita antimedo:

- 1. ½ kg de pensamentos bonitos.*
- 2. 1 tonelada de cancións para cantar en voz alta.*
- 3. 1 cunca de néctar de froitas, para afastar os virus.*
- 4. Un puñado de ruxidos feroces para escorrentalo.*




Gústache a arquitectura? Busca pola casa materiais como caixas de zapatos, anacos de tea e outros materiais reciclados e deixa que a túa creatividade se poña en marcha.

Iso si, lembra que un bo arquitecto ou arquitecta primeiro diseña nun plano o que quere construír cos materiais que ten ao seu alcance.



Tamén te podes converter en detective ou espía. Crea un código secreto para escribir mensaxes ocultas, inventa un símbolo para cada letra e, despois, escribe mensaxes con eles. Será alguén da túa familia capaz de descifralas?



Divértete a facer a dobraxe dun filme.
Escolle unha escena do teu filme favorito
e reproducéoo sen son, coa túa familia.
Cadaquén pode escoller un personaxe.
E lembra, se o diálogo é un pouco
absurdo... será moito máis divertido!



E agora pensa un pouco: despois de tantas semanas na casa, como che gustaría que fose o teu colexio ao volver?

Pénsao ben e escríbelle unha carta á túa profe contándolle como sería **“o cole dos teus soños”**.



Con este libro gratuito intentamos seguir poñendo o noso gran de area para que estas semanas sexan máis levadeiras para os nenos e nenas mostrando que, aínda que non poidamos ir ao colexio, desde a casa podemos seguir a aprender facendo actividades lúdicas e divertidas. Porque aprender non ten que ser sinónimo de aburrimiento.

Amigos, seguro que pronto poderemos volver ao colexio!

